

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 6 de xullo de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,09 horas do día seis de xullo de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asitíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(760).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 29 e extraordinaria e urxente do 29 de xuño de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(761).- DAR CONTA DAS SEGUINTES SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 266/2011. Demandante: FRUTAS NIEVES, S.L. Obxecto: resolución TEA do Concello de Vigo por liquidación da taxa do lixo. Sentenza non firme que estima o recurso. Expte. 6761/111.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 128/12. Demandante: D^a Silvia Alvarez Rodríguez. Obxecto: resolución 23.01.10, caída na vía pública. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7318/111.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 483/2011. Demandante: D. Ramon Fernández Linares. Obxecto: resolución XGL 5 xullo e 20.09.10, cambios de adquisición e reasignación de posto de traballo. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 7077/111.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 125/2012. Demandante: D. José Enrique Almuiña Lemos. Obxecto: resolución 9.03.2012, sanción de tráfico, semáforo vermello. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7317/111.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 104/2012. Demandante: PARQUE NACIONAL MEIXUEIRO, C.B. Obxecto: resolución TEA do Concello de Vigo por liquidación do ICIO. Sentenza firme que estima o recurso. Expte. 7275/111.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 1/2012. Demandante: D^a Laura Raboada Cimadevila. Obxecto: resolución do 8.08.2011, multas de tráfico. Sentenza firme que estima parcialmente o recurso. Expte. 7137/111.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 17/2011. Demandante: VITRASA. Obxecto: reclamación de débeda por “déficit acumulado”. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6433/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(762).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 16/1755.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 28.06.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D^a. Irene García Fernández. Expte.1755/16.

4(763).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “FUNDACIÓN EMAÚS”, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA VIA NO MES DE MAIO 2012. EXPTE. 77278/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 25.06.2012, conformado polo xefe da área de Política de Benestar, pola concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 29.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 7.771,81 euros, a favor de “FUNDACIÓN SOCIAL EMAÚS”, Cif. G-20486825, pola prestación dos servizos de xestión do programa de transición á vida autónoma -VIA- no mes de maio de 2012.
- 2.- Imputar o gasto de 7.771,81 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.09 “Programa pisos de acollida”, minorando dito importe do RC 201200025514 de 36.000 euros.

5(764).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL. EXPTE. 71394/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Benestar Social, de data 25.06.2012, conformado polo concelleira delegada de Política de Benestar, co informe da técnica de Admón. Xeral e pola Titular da Asesoría Xurídica, do 26.06.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 27.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación do servizos do centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social de Benestar Social, que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 9 de marzo de 2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos por procedemento aberto de data 12 de xuño de 2012.

2º.- Aproba-lo gasto de 1.431.382,52 euros, para a contratación dos servizos do centro integral de inclusión e emerxencia social , que se imputará á partida 2310.2279913 prestación servizos centro de servizos sociais. e súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2012: 178.922,81€
ano 2013: 715.691,26€
ano 2014: 536.768,45€

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

6(765).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VIDA DIGNA, COLABORADORA CO DEPARTAMENTO DE POLÍTICA DE BENESTAR, PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DE COMEDOR SOCIAL PARA PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 77144/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Política de Benestar, de data 18.06.2012, conformado polo concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 28.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 2.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade Vida Digna, colaboradora co Departamento de Política de Benestar, para a atención das necesidades básicas do comedor social para persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e bocadillos, polo que se articulan os dereitos e obrigas da subvención.

2º.- Aprobar o gasto de 45.000 euros a favor da Entidade Vida Digna, CIF G36884708, con cargo á partida 2310.4980012 –Convenio Vida Digna-.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A ENTIDADE VIDA DIGNA. 2012

Vigo, de de 2012

R E U N I D O S

Dunha parte Isaura Abelairas Rodríguez, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte Don Roberto Goitia Crespo, DNI X0218792Q como presidente da Asociación Vida Digna de Vigo, NIF G36884708, e enderezo a efectos de notificación na rúa Vázquez Varela nº 21 Baixo de Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

M A N I F E S T A N

I- Que a Entidade Vida Digna ten como obxectivo a axuda integral as persoas en estado de necesidade de Vigo e a provincia. Desenvolve programas de divulgación, prevención, asesoramento, formación e asistencia. Dentro dos programas de asistencia, xestiona un comedor social de fin de semana, proporcionando alimentación tódolos sábados e domingos do ano, complementado de este xeito os outros servizos de comedor da cidade. Ademais, a Entidade Vida Digna constitúe un recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade, por ser unha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas

situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado por estes cidadáns.

II- O concello de Vigo é coñecedor do incremento das necesidades dos colectivos de persoas e situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir en unhas condicións minimamente dignas. Ademais o Concello necesita este recurso como complemento do seus programas de emerxencia social. Este recurso é un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais", sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 di que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí: Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Política de Benestar polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentación os fines de semana. Así as cousas, o Concello de Vigo, no orzamento de 2012 contempla a partida 2310 4890012 -Convenio Vida Digna-.

IV- Que a entidade Entidade Vida Digna non está incurso nas prohibicións para ser beneficiaria das subvencións do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Entidade Vida Digna, o Concello de Vigo e a dita entidade Entidade Vida Digna, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

P A C T O S

Primeiro.-

A entidade Entidade Vida Digna comprométese a colaborar coa concellería de Política Benestar do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en situación de emerxencia social ou risco de exclusión como comedor social os fines de semana e festivos durante todo o ano. Ademais repartirá un máximo de 50 bocadillos diarios, de luns a sábado todo o ano, en horario de tarde. As persoas que recibirán o bocadillo serán designadas pola concellería de Política de Benestar.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Vida Digna unha subvención, para o exercicio 2012, por importe de 45.000 euros, co obxecto de levar a cabo a atención de comedor social para persoas con necesidade durante os fines de semana ao longo de todo o ano e a entrega dun máximo de 50 bocadillos, de luns a sábado durante todo o ano, en horario de tarde.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, Concello de Vigo, aportará a cantidade de 45.000€ con cargo ao programa de gastos 2130, partida 4890012, do vixente exercicio presupostario.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da

subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Entidade Vida Digna e dous técnicos deste Concello.

Oitava.-

A Entidade Vida Digna comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Novena.-

Entidade Vida Digna poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello de Vigo

Décima.-

Para a xustificación a beneficiaria comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2013, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que acredite, mediante declaración xurada, que a entidade está exenta.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

Décimo terceiro.-

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei xeral de subvencións.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei

38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

7(766).- ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A PÍA UNIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES”. EXPTE. 77189/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Política de Benestar, de data 18.06.2012, conformado polo concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 28.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 2.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto da addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobre”, CIF. R3600319B.

2.- Aprobar o gasto de 35.000 € con cargo a partida 2310.4890004 -convenio Misioneros- do orzamento 2012.

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, E A INSTITUCIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES”

Vigo, de 2012

REUNIDOS

Dunha parte Isaura Abelairas Rodríguez, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, Don José Antonio Donaire Jiménez, como Hermano Director da Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” en diante “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”, con CIF. R3600319B, con domicilio na rúa Avda. de Galicia, nº 160 desta cidade, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que ao amparo do acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2011 suscribían ambas partes un convenio de colaboración para a atención e coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa.

II.- De acordo coa cláusula décimo sexta dese convenio, contemplanse a posibilidade de incrementar a cantidade subvencionada sen que esto supoña variación nos contidos fundamentais recollidos no convenio.

A C O R D A N

Primeiro.- Ampliar os obxectos do pacto primeiro relacionados no convenio de colaboración para o financiamento da atención e coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa, incluíndo na atención, a entrega dun máximo de 50 bocadillos de luns a sábado durante todo o ano en horario de tarde.

A concellería de Política de Benestar enviará unha relación dun máximo de 50 persoas, ás que se entregará o bocadillo, previa identificación das mesmas.

Segundo.- A vixencia do convenio ampliado mantense ata o 31 de decembro de 2012.

Para a execución do convenio o Concello aportará un total 57.060,00 € con cargo a partida 2310.4890004 -convenio Misioneros-

Terceiro.- Para a xustificación desta parte do convenio poderán achegarse tódolos gastos que de xeito indubidativo respondan a actividade subvencionada.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento no lugar e data antes citado.

8(767).- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E DEFINICIÓN DE CIRCUÍTOS “PASEOS POLA ARQUITECTURA DE VIGO”. EXPTE. 4250/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da secretaria da Mesa de Contratación, de data 3.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de deseño e definición de circuitos “paseos pola arquitectura de Vigo” (expediente 4250-104) no seguinte orde decrecente:

1. Urbing urbanismo e ingeniería, S.L., que obtén unha puntuación de 88,91 puntos.
2. ITC Mensula, S.L., que obtén a puntuación total de 83,82 puntos
3. Van Divulgación Cultural, S.L., que obtén a puntuación total de 65,41puntos.
4. U.T.E Ánonimo Publicidad, S.L. - Bluguía, S.L, que obtén a puntuación total de 64,29 puntos.
5. Vigogala organización y asistencia, S.L, que obtén a puntuación total de 59,59 puntos.
6. Alicia Carrera Consultora Cultural, S.L., que obtén a puntuación total de 40,62 puntos.

Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Urbing urbanismo e ingeniería, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

9(768).- CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS: EXPTE. 605/410.

A) DOC. 110012578.- ACLARACIÓN ACORDO XGL 18.03.2011 E APROBACIÓN ACTA COMPROBACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, de data 4.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. “Entender que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2011 de aprobación da Acta Parcial de Comprobación das obras executadas exténdese á aprobación dos anexos incorporados por importe de 1.242.537,10 Euros”.

2. “Aprobar a Acta de Comprobación Complementaria da outorgada o 17 de marzo de 2011 das obras executadas pola entidade concesionaria do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio Pazo de Congressos de Vigo e as súas zonas complementarias de explotación comercial, outorgada o día 13 de decembro de 2011 autorizando a apertura ao uso público e a súa posta en funcionamento de:

●local destinado a restauración de 880,32 m² construídos, sito na cota 24,00 e accesos dende cotas 0,00 e -3,55 no edificio Auditorio-Pazo de Congressos.

●Local de 215,15 m² ubicado na cota 0,00 do edificio do Hotel con fachada á Rúa Jacinto Benavente.

B) DOC. 120026326. RECTIFICACIÓN INFORME-PROPOSTA DE 9.03.2012 E TOMA DE COÑECEMENTO MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DA SOCIEDADE CONCESIONARIA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, de data 4.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“ Tomar coñecemento da modificación do artigo 5 dos estatutos sociais da entidade “Pazo de Congresos de Vigo,S.A.” nos termos acordados na Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas celebrada o 27 de febreiro de 2012 nos termos expostos na parte expositiva do presente acordo”

C) EXPTE. 1602/241.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO DO CONTRATO DE CONCESIÓN.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, de data 4.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar definitivamente o Plan Económico Financeiro do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo presentado en decembro de 2012 pola entidade Pazo de Congresos de Vigo, S.A., que foi obxecto de estudo e dos informes técnicos obrantes no expediente e as medidas nel previstas para o restablecemento do equilibrio financeiro do contrato consistentes no outorgamento polo Concello dunha aportación de capital á obra pública por importe de 5.000.000 € no exercicio presupostario do ano 2012 e, ampliar o prazo do contrato de concesión de 2006 por vintecinco anos, finalizando a mesma o 28 de outubro de 2068.”.

Autorizar e dispor o gasto en contía de 5.000.000 de euros, con cargo á aplicación 3340.770.00.00 do orzamento do ano 2012, a favor da entidade Pazo de Congresos de Vigo. S.A. , C.I.F. A-36972560, en concepto de aportación de capital á obra pública de conformidade co réxime competencial establecido na Disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da LCSP.

Notificar o presente acordo á entidade concesionaria, a fin de proceder a presentar no Rexistro Xeral do Concello o documento xustificativo que sirva de base para o ulterior recoñecemento da obriga e subseguinte ordenación do pago.

Dar conta do presente acordo aos efectos oportunos á Intervención Xeral, á Secretaría Xeral do Pleno e a Tesourería Municipal.

10(769).- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA E APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E DITA FEDERACIÓN. EXPTE. 13824/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Cultura e Bibliotecas, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e da concelleira delegada da área de Cultura, Festas e Política de Benestar, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 8.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 22.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 7.200 € (sete mil douscentos euros) á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, CIF V15038458, de acordo coa documentación presentado por esta entidade con data 14 e 28 de maio de 2012, para o financiamento das actividades da Federación de Libreiros de Galicia correspondentes ao ano 2012 con cargo á partida 3340.489.00.06 “Federación de

Libreiros de Galicia. Feiras do libro de Vigo” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, para o desenvolvemento das actividades das feiras do libro de Vigo axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2012, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Federación de Libreiros de Galicia, acreditado pola concordancia do programa da Federación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Federación.

Como consecuencia da aplicación da normativa sobre Feiras do Libro, a Federación de Libreiros de Galicia é a única entidade autorizada pola consellería de Cultura e Turismo para a organización da Feira do Libro novo e a Feira do Libro antigo ou de ocasión en Vigo no ano 2012. (Decreto da Xunta de Galicia 40/1995 do 27 de xaneiro, que regulan as feiras culturais, e Orde do 16 de marzo de 2012 “pola que se regulan, dentro das feiras culturais, as seccións de feiras do Libro de Galicia para realizar no ano 2012”; DOG num. 66 do 4 de abril de 2012).

A Federación de Libreiros de Galicia foi impulsada polos libreiros establecidos en Galicia co obxecto, entre outros, de cumprir os fins e obxectivos comúns propios do ramo de librería, para o fomento da solidariedade entre os seus membros e para acadar todos aqueles que se describen nos seus estatutos.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

“**TERCEIRO.**- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento das actividades das feiras do libro de Vigo en 2012.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA
AS ACTIVIDADES DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2012**

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Isaura Abelairas Rodríguez na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Xurxo Patiño Pérez, na súa calidade de Presidente da Federación de Libreiros de Galicia, CIF V15038458, e con enderezo na R/ Eduardo Iglesias, 12 - 5º, 36202 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FEDERACIÓN.

MANIFESTAN

1. Coa finalidade de facilitar que a Federación de Libreiros de Galicia poida desenvolver as feiras do libro de Vigo no ano 2012 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención.

1. Dna. Isaura Abelairas Rodríguez, actúa na súa calidade de concelleira-delegada, de acordo coa resolución da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre competencias de delegadas nos concelleiros de área e acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, e D. Xurxo Patiño Pérez actúa na súa calidade de Presidente da Federación de Libreiros de Galicia conforme á acta nº 173, da Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación de Libreiros de Galicia, celebrada o 28 de xuño de 2008, onde foi elixido presidente da entidade.

1. A subvención que outorga o Concello de Vigo á Federación para o desenvolvemento das actividades das feiras do libro de Vigo do ano 2012 axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

2. A FEDERACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FEDERACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada á FEDERACIÓN pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data _____ con destino ao programa das actividades das feiras do libro de Vigo, correspondente ao ano 2012, que se detalla no Anexo. As liñas xerais do programa da FEDERACIÓN consistirán, basicamente, en: pregón no acto inaugural, presentacións de libros e sinaturas dos autores, mesas redondas, coloquios e recitais poéticos, sorteos de vales para a merca de libros e sorteos diarios de lotes de libros. As actividades complementarias celebraranse a partir das 19 horas, na carpa do recinto.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 28.180,00 €. A FEDERACIÓN financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 7.200 € (sete mil douscentos euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3340.489.00.06 "Federación de Libreiros de Galicia. Feiras do libro de Vigo" do vixente presuposto municipal; que supoñen o 25,55 % do total do presuposto.

- 13.900 € por cotas de inscrición dos participantes.
- 2.400 € subvención Consellería de Cultura e Turismo.
- 4.680,00 € recursos da entidade.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

As Feiras do Libro que realizará a FEDERACIÓN en Vigo son as seguintes:

38 Feira do Libro novo, do 29 de xuño ao 8 de xullo na Praza de Compostela.

21 Feira do Libro antigo, do 21 de xullo ao 5 de agosto na Praza de Compostela.

CUARTA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN EN RELACIÓN COAS ACTIVIDADES DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DO ANO 2012.

- Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento, tanto directos como indirectos.
- Responsabilizarse da organización integral das Feiras do Libro de Vigo do ano 2012, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, solicitar e obter os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos (ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.).
- Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura, Festas e Política do Benestar, derivada da subvención concedida as Feiras do Libro de Vigo do ano 2012.
- Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Estar en comunicación cos responsables de mantemento da páxina web do departamento de Cultura facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura estea ao día da información xerada pola Federación de Libreiros de Galicia para as Feiras do Libro de Vigo do ano 2012.
- Facilitar ao Concello de Vigo, sen cargo e en condicións de utilización, unha caseta na Feira do libro novo para difusión da Biblioteca Pública Municipal "Xosé Neira Vilas" e da Biblioteca Central.
- A FEDERACIÓN comunicará ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).
- **A concesión da subvención á FEDERACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.**

QUINTA.- Obrigas do Concello de Vigo-Concellería de Cultura, Festas e Política de Benestar.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa das feiras e colaborar na súa viabilidade.

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FEDERACIÓN é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a FEDERACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento das feiras; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que coa antelación necesaria se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FEDERACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre as feiras, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar.

A FEDERACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ás feiras como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en tódalas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FEDERACIÓN, as feiras, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar.

A FEDERACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FEDERACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FEDERACIÓN do importe da subvención outorgada para as actividades das Feiras do Libro de Vigo no ano 2012, trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local e unha vez realizadas e xustificadas as actividades, xunto coa presentación da liquidación, antes do 30 de outubro de 2012.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

A FEDERACIÓN presentará:

- a) Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Certificación de estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidos pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo; ou declaración responsable ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 7/2007 de subvencións de Galicia.
- c) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento das Feiras do Libro, que xustificará o cumprimento das condicións establecidas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo:
Datos sobre os participantes nas actividades. (Libreiros: número e perfil dos asistentes; datos de público participante, etc.).
Memoria de prensa.
- d) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos polos importes totais das Feiras do Libro de Vigo en 2012 organizadas pola FEDERACIÓN, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión de facturas e importes.
- e) Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos pola FEDERACIÓN para financiar a totalidade das Feiras do Libro de Vigo en 2012: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Coa solicitude de pagamento da subvención a FEDERACIÓN acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo 20 (vinte) exemplares dos elementos de difusión da Feiras do Libro de Vigo en 2012.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado á conformidade do Concelleira-Delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia das Feiras do Libro de Vigo ao longo do exercicio 2012, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola FEDERACIÓN para a actividade das Feiras do Libro de Vigo en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados.

A FEDERACIÓN comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as achegas económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte da FEDERACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2012.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA AS ACTIVIDADES DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO

PROGRAMA-PRESUPOSTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO - 2012

INGRESOS				28.180,00
	38 Feira do libro novo			
	Subvención do Concello de Vigo	3.600,00		
	Subvención da Consellería de Cultura e Turismo	2.400,00		
	Cotas de inscrición dos participantes	5.300,00		
	Recursos da entidade	2.500,00		
TOTAL INGRESOS:			13.800,00
	21 Feira do libro antigo e de ocasión			
	Cota de participación dos expositores	8.600,00		
	Subvención do Concello de Vigo	3600		
	Recursos propios da entidade	2.180,00		
TOTAL INGRESOS:			14.380,00
GASTOS				
	Gastos da 38 Feira do libro novo		13.800,00	
	Infraestrutura	12.000,00		
	Persoal e mantemento	1.300,00		
	Varios e imprevistos	500,00		
	Gastos da 21 feira do libro antigo e de ocasión		14.380,00	
	Infraestrutura casetas	12.280,00		
	Gastos de persoal	1.300,00		
	Comunicacións e convocatorias	300,00		
	Varios e imprevistos	500,00		
TOTAL GASTOS:			28.180,00

11(770).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO NOS MESES DE ABRIL E MAIO 2012. EXPTE. 8885/77.

Dáse conta da relación de contratos menores tramitados no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego nas meses de abril e maio 2012, segundo informe do xefe do Servizo, conformado polo concelleiro da área:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
------------	------	--------	---------------	---------

8786/77	CMSER	Prospección necesidades de emprego e formación	FORINLAB, S.L.	15.000,00 €
8795/77	CMSUM	Compra material para obras do UTIL	Genérico	8.000,00 €
8800/77	CMSER	Publicidade e difusión de programas de emprego	Genérico	12.000,00 €
8801/77	CMSER	Servizo mantemento ascensores	Genérico	1.000,00 €
8804/77	CMSER	Actualización páxina web de "Imos traballar 2"	Formatén Plataformas y Sistemas	17.400,00 €
8813/77	CMSUM	Material de oficina para programas de emprego	Genérico	3.000,00 €
8851/77	CMSER	Anuncio para convocatoria pública selección persoal programa de emprego	Agua de Mayo	295,00 €

12(771).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL PIROTÉCNICO DE BOUZAS PARA O ANO 2012. EXPTE. 4575/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica do do servizo de Festas, de data 28.06.2012, co conforme do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e das concelleiras delegadas de Festas e Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 29.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 3.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización do Acto de apertura da edición 2012 do "FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO – VILA DE BOUZAS".

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 8.100,00 euros a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á aplicación 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio."

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS

Na Casa do Concello de Vigo, de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelarias Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 13 de xuño de 2011; e no sucesivo O CONCELLO.

Doutra, don Paulino Freire Gestoso, como Confrade Maior da Confraría do Santísimo cristo dos aflixidos de Bouzas, CIF nº G-36.690.170 e enderezo social na rúa San Miguel nº 1 de Bouzas, Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4575/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas ten por fins, entre outros, o de promover as festas anuais de Bouzas, desenvolvendo actos culturais así como contribuír a un destaque das solemnidades litúrxico relixiosas conmemorativas. Deste modo, esta entidade vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos”, patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dentro do dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado “*FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE de VIGO - VILA de BOUZAS*”, na noite do terceiro domingo de xullo.

II. Que o dito Festival constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. En virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.

III. Que dende hai oito anos se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0011, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Comisión de Festas de Bouzas.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento polo Concello de Vigo do primeiro dos cinco actos nos que se divide o “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas” denominado “Apertura”.

VI.- Que a entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4575/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a

organización do Festival Poético-pirotécnico “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”, que terá lugar en Bouzas na noite do terceiro domingo de xullo (15 de xullo), e concretamente a:

- 1º.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
- 2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.
- 3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 4º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa do Festival, e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da Confraría.
- 5º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización da actividade.
- 6º.- A entidade terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura” do “Festival poético-pirotécnico Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.
O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.5016.07.3040020541, da entidade bancaria NOVAGALICIABANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo en todos os soportes publicitarios que edite. Deste material entregaranse 50 exemplares no servizo de Festas antes do día 8 de xullo.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico do presente ano, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polo Servizo de Festas. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Cultura e Festas nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución

do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondrá ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

13(772).- PROXECTO DE CONVENIO DE SUBVENCIÓN ENTRE A “FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO” E O CONCELLO DE VIGO, PARA COADXUVAR Á FINANCIACIÓN DAS “XX XORNADAS DAS MULLERES VECIÑAIS”. EXPTE. 5414/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, de data 18.06.2012, co conforme da concelleira de Igualdade e da concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 26.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de subvención entre a “Federación Veciñal Eduardo Chao” e o Concello de Vigo para coadxuvar á financiación das “XX Xornadas das Mulleres veciñais”.

2º. Autorizar á concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 6.000,00€ (seis mil euros) para facer fronte aos gastos derivados da execución deste convenio, con cargo á partida nominativa “*Convenio colaboración coa Federación Veciñal*” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade

4º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil doce

REUNIDAS

Dunha parte, dona M^a Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de delegación de competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011).

Doutra, Ana Pérez Davila, na súa calidade de vogal de Igualdade e Benestar da “Federación Veciñal Eduardo Chao”, con CIF nº G36681708 e enderezo social na praza da Princesa nº 7-2º andar Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que obra no expediente.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

II.- Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde hai vinte anos a concellería de Igualdade (antes concellería de Muller) ven colaborando activamente coa Federación Veciñal “Eduardo Chao” no desenvolvemento das Xornadas das Mulleres Veciñais que se organizan con periodicidade anual.

Estas Xornadas das Mulleres veciñais configúranse como un punto de encontro entre as mulleres da cidade para traballar e debater diferentes temas de actualidade que contribúan a

promover e potenciar valores de igualdade na sociedade. As xornadas son froito dun traballo continuado durante mais de quince anos que serviron para a súa consolidación e conversión nun punto de referencia para o debate sobre a igualdade.

III.-A Asociación “Federación Veciñal Eduardo Chao”, é unha entidade sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente que lle é de aplicación.

A ampla traxectoria desta asociación caracterízase pola súa intensa defensa dos dereitos da muller e no combate e denuncia da violencia de xénero. É unha entidade que ten participado activamente no Consello Municipal da Muller desde os seus comezos.

IV.- Este ano, a “Federación veciñal Eduardo Chao”, manifesta a súa vontade de continuar esta liña iniciada e consolidada. Para elo ten previsto organizar as “XX Xornadas das Mulleres Veciñais”. Coa finalidade de:

- Analizar, reflexionar e debater sobre o traballo realizado polas mulleres do movemento veciñal a prol da igualdade durante os últimos vinte anos
- Analizar o futuro en canto as reivindicacións e necesidades para acadar a igualdade
- Coñecer os programas e políticas de Igualdade no Concello de Vigo

Estes obxectivos enmárcanse nas accións recollidas no “IV Plan integral de Igualdade de oportunidades de Mulleres e Homes” aprobado pola corporación municipal en novembro de 2009, para o período 2009/2012. Concretamente no Eixo 1: Concienciación e formación en Igualdade de Oportunidades.

Eixo 2: Empoderamento, Visibilización e Participación Social.

Considerando que esta iniciativa presentada pola “Federación Veciñal Eduardo Chao” cumpre os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

V.-A concesión desta subvención directa acóllese ao previsto no artigo 19, 4.a da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar prevista nominativamente no orzamento vixente. O Concello de Vigo fará fronte ao importe da axuda, que ascende a : 6000,00 € con cargo á partida nominativa “Convenio colaboración Federación Veciñal Eduardo Chao” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, as intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación das “XX Xornadas das Mulleres veciñais”.

VII.- Que a “Federación Veciñal Eduardo Chao” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da “Federación Veciñal Eduardo Chao”, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O presente convenio ten por obxecto colaborar coa “Federación Veciñal Eduardo Chao” (en adiante FAVEC) no desenvolvemento das “XX Xornadas das Mulleres Veciñais” durante o período de vixencia do convenio, segundo a memoria xustificativa que se incorpora como Anexo I.

O convenio estará vixente dende a data da súa sinatura por ambas as dúas partes ata o remate do ano natural (mes de decembro do 2012).

A FAVEC comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Empregar o galego e unha linguaxe e imaxe non sexista en todos os medios de promoción e difusión.

3.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola FAVEC na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de contingencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na FAVEC non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da FAVEC, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

Primeiro.- Colaborar coa FAVEC na difusión e dinamización dos contidos e actuacións da FAVEC vinculados con este convenio.

Segundo.- Colaborar na financiación das actuacións vinculadas a este proxecto a través da concesión directa dunha subvención por importe de 6000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade para a organización das “XX Xornadas das Mulleres Veciñais”, con cargo á partida “*Convenio de colaboración coa Federación Veciñal Eduardo Chao*” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

Terceiro.- Esta subvención non será compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en dúas partes:

3. A primeira, por importe de 1.800,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
4. A segunda por importe de 4.200,00 €, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria final da actividade e xustificantes orixinais de gasto polo importe de 6.000,00 €, segundo o estipulado no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria, en relación á subcontratación con terceiros, atenderá ao previsto no artigo 29 na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais, non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 dos artigos citados.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

Unha técnica do servizo municipal de Igualdade.

Unha representantes da vogalía da muller da Federación Veciñal

Actuará como secretaria da comisión unha técnica do servizo municipal de igualdade.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logotipo e lenda do Concello de Vigo e da Concellería de Igualdade en canto material escrito e audiovisual se edite. Igualmente, deberá facer mención a esta financiación en cantas intervencións presentes ou futuras se realicen nos medios con motivo destas actividades. A concellería de Igualdade conformará o material de difusión que se empregue para difundir as actividades obxecto deste convenio. Para elo, a FAVEC deberá achegar á concellería de Igualdade as probas e propostas de material (circulares, carteis,convites,folletos, etc) coa debida antelación.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe e a aplicación dos fondos propios que financian tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas

fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá os gastos xerados pola actividade, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria cuantitativa e cualitativa sobre a actividade desenvolvida no marco deste convenio, achegando entre outros: relación de mulleres participantes, cinco exemplares de todo o material impreso e en formato dixital empregado para a difusión das actividades obxecto deste convenio.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o período de organización e execución da actividade.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade .

A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de

Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicado.”

14(773).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE XUÑO 2012. EXPTE. 8664/306.

Dáse conta da relación de contratos menores tramitados no departamento de Medio Ambiente, no mes de xuño 2012, segundo informe do xefe do servizo, do 26.06.2012, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, igualdade e Xuventude.

EXPTE.: 8664/306 – CONTRATOS MENORES – Xuño 2012							
Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe

8647/ 306	1721.227.01.00	CMSER	Prestación do servizo de salvamento e socorrismo 15-19 xuño	Cruz Vermella Española	12/06/12	14/06/12	11.870,45 €
8613/ 306	1721.227.99.00	CMSER	Control arqueolóxico obras de rehabilitación accesos praias Alcabre	Javier Luaces Anca	31/05/12	06/06/12	3.304,00 €
8629/ 306	1721.227.99.00	CMSER	Actualización quincenal da calidade da auga das zonas habilitadas baño	Novocontorno, SL	12/06/12	15/06/12	1.107,88 €
8633/ 306	1721.227.99.00	CMSER	Coordinación dos servizos de salvamento e socorrismo nas praias	Carlos Vales Porto	14/06/12	20/06/12	16.752,00 €

15(774).- AUTORIZAR Á COFRADÍA DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS PARA A OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MOTIVO DAS FESTAS DE BOUZAS. EXPTE. 82923/210.

Dáse conta da Resolución do concelleiro de Xestión Municipal, a proposta da enxeñeira técnica, de data 27.06.2012, e o dou fe da Secretaria do Goberno, que di o que segue:

- Examinada a solicitude presentada por don Paulino Freire Gestoso, cófrade maior da Cofradía do Santísimo Cristo dos Afixidos, en data 26/06/12 , relativa á celebración das Festas do Cristo de Bouzas 2012 os días 13 ao 18 de xullo do ano que andamos en Bouzas, no recinto sinalado no plano que achegan ocupando o espazo público en estrada e beirarrúas da Alameda Suárez-Llanos, rúa Pescadores, Eduardo Cabello, rotonda das Áncoras, confluencia da rúa Beiramar, vía de acceso ao recinto empresarial e industrial do Porto de Bouzas e área portuaria de aparcadoiro.

- Achegan recibo e póliza de responsabilidade civil con cobertura de 1.800.000 euros.

No tocante á delimitación do recinto proposto, se deberá deixar libre , como límites do mesmo, dende a última saída do aparcadoiro de camións anterior á rotonda dos Graniteiros, evitando invadir a devandita rotonda así como o ramal do enlace da V.G.-20 até a ponte en ámbolos dous sentidos de circulación, tanto por atraccións como por peóns ou vehículos indebidamente estacionados, así mesmo deberán quedar expeditas a rúa Pescadores e a rotonda das Áncoras, pola grave afección que supón ao tránsito de persoas e vehículos e os riscos e inconvenientes que supón para a seguridade viaria dos usuarios, transporte público, empresas e actividade portuaria no seu contorno.

No tocante aos peches diarios do tráfico rodado propostos, por entender que nunha ampla zona dos veciños de Bouzas e das diversas actividades empresariais próximas poden quedar incomunicados por terra, os organizadores deberán dispor medidas que garantan calquera posible emerxencia, ademais de contar coa preceptiva autorización dos titulares das vías afectadas non municipais (Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria) nos treitos e horarios previstos.

Tendo en consideración o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2005, que fixaba as condicións mínimas de autorización de sé-lo caso, poderíase permitir a celebración de conformidade ao teor literal do devandito acordo, axeitado para o presente ano 2012, unha vez cumpridas as circunstancias antes sinaladas."

Visto o exposto, formúlase a seguinte

PROPOSTA

AUTORIZAR á **Cofraría do Stmo. Cristo dos Afrixidos**, á ocupación do espazo público en estrada e beirarrúas da Alameda Suarez-Llanos, rúa Pescadores, Eduardo Cabello, rotonda das Áncoras, confluencia da rúa Beiramar, via de acceso ao recinto empresarial e industrial do porto de Bouzas solicitado, coas seguintes condicións:, deberán deixar libre, como límites do recinto, dende a última saída do aparcadoiro de camións anterior á rotonda dos Graniteiros, evitando invadir a devandita rotonda así como o ramal do enlace da V.G. -20 até a ponte en ámbolosdous sentidos de circulación, tanto por atraccións como por peóns ou vehículos indebidamente estacionados ,así mesmo deberán de quedar expeditas a rúa Pescadores e a rotonda das Áncoras, pola grave afección que supón ao tránsito de persoas e vehículos e os riscos e inconvenientes que supón para a seguridade viaria dos usuarios,transporte público, empresas e actividade portuaria no seu contorno.

- No tocante aos peches diarios do tráfico rodado propostos, por entender que nunha ampla zona dos veciños de Bouzas e das diversas actividades empresariais próximas poden quedar incomunicados por terra, os organizadores deberán dispor medidas que garantan calquera posible emerxencia, ademais de contar coa preceptiva autorización dos titulares das vías afectadas non municipais (Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria) nos treitos e horarios previstos.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas, de conformidade co Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2005:

5. O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estén expresamente autorizados.

1. Tódolos días da celebración prohibirase a circulación de vehículos na ronda litoral no treito comprendido entre a rotonda da confluencia das rúas Eduardo Cabello e Pescadores (coñecida como a das Áncoras) e até a rotonda de acceso á zona portuaria en ámbolos dous sentidos, entre as 19:00 e as 4:00 horas da mañá do seguinte día, agás o domingo 15 en que a hora de comezo da prohibición será ás 16:00 horas.

1. O horario permitido de apertura ó público para as atraccións da festa, casetas, tómbolas e demais negocios relacionados coa ocupación da vía referida será para tódolos días entre as 19:00 e as 3:30 horas do seguinte, agás o domingo 17 en que será de 16:00 a 3.30 horas, coincidindo sempre co horario de peche ó tráfico na zona e nunca antes do comezo deste. Prohíbese expresamente que calquera destes negocios realice a súa actividade fora deste horario.

1. Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndoos a disposición da Policía Local para colaborar con estos en todo o relativo á Seguridade Vial.

1. Por parte da Policía Local procederase á vixilancia do estrito cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licenza en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.

1. Horario máximo autorizado: 3.30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

1. Límite transmisión ruídos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente ordenanza municipal de Ruídos e Vibracións, publicado no BOP de data 16 de outubro de 2000.

1. Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.”

2. Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo electrógeno ,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

3. A persoa de contacto estará presente e localizable no teléfono 986-246436 sendo esta Paulino Freire Gestoso.

DECRETO: De conformidade coas competencias delegadas que me están conferidas POR DECRETO DE ALCALDIA DE DATA 13 DE XUÑO DE 2011, RESOLVO de conformidade co presente informe-proposta.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local ratifica a precedente Resolución.

16(775).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2012. EXPTE. 1475/334.

Dáse conta dos expediente de contrato menor tramitados no departamento de Normalización Lingüística, nos meses de marzo e abril de 2012, segundo proposta da técnica de SNL e mediante resolución do concelleiro delegado da área, de data 22.06.2012:

Expediente 1426/334. Actividades relacionadas coa celebración das Letras Galegas

Decreto concelleiro data 23 de marzo de 2012

Informe Intervención RC 22962

Adxudicatario Varias empresas

Importe 18.000,00 euros

Expediente 1428/334. Actividades relacionadas co Día mundial de concienciación sobre o autismo

Decreto concelleiro data 26 de marzo de 2012

Informe Intervención RC 18948

Adxudicatario Varias empresas
Importe 1.350,00 euros

Expediente 1433/334. Obradoiros de portugués nos centros de ensino
Decreto concelleiro data 30 de marzo de 2012
Informe Intervención RC 31618
Adxudicatario Associação galega da língua (AGAL)
Importe 2.601,46 euros

Expediente 1440/334. Actividade "Unha lección de cine" para infantil e primaria
Decreto concelleiro data 24 de abril de 2012
Informe Intervención RC 28049
Adxudicatario Yelmo cines
Importe 5.775,00 euros

Expediente 1442/334. Actividades de animación "Conta e canta" durante as proxec-
ción no Yelmo cines
Decreto concelleiro data 3 de maio de 2012
Informe Intervención RC 31627
Adxudicatario Barafunda, S.L.
Importe 2.690,40 euros

Expediente 1447/334. Deseño publicitario identificador das actividades dos meses
de maio e xuño
Decreto concelleiro data 9 de maio de 2012
Informe Intervención RC 31626
Adxudicatario Somosmagenta, S.L.
Importe 831,90 euros

Expediente 1448/334. Accións para promoción do uso da lingua galega
Decreto concelleiro data 9 de maio de 2012
Informe Intervención RC 36429
Adxudicatario Noticias de ti, S.L.
Importe 1.180,00 euros

Expediente 1449/334. Realización de actividades dinamizadoras da lingua galega
dirixidas á poboación infantil e xuvenil
Decreto concelleiro data 9 de maio de 2012
Informe Intervención RC 32530
Adxudicatario Varias empresas
Importe 12.000,00 euros

Expediente 1450/334. Publicidade
Decreto concelleiro data 9 de maio de 2012
Informe Intervención RC 31623
Adxudicatario Varias empresas
Importe 6.000,00 euros

Expediente 1458/334. Obradoiros de creación literaria
Decreto concelleiro data 24 de maio de 2012
Informe Intervención RC 37892
Adxudicatario Francisco José Castro Veloso
Importe 1.800,00 euros

17(776).- NULIDADE DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS REALIZADOS POR CELTSENER S.L. E APROBAR A INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRASLADO DA UNIDADE EXTERIOR DO SISTEMA DE AIRE ACONDICIONADO E CALEFACCIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ 010. EXPTE. 2592/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación Cidadá, do 2.07.2012, conformado polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 12.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 27.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Declarar a nulidade da prestación dos servizos realizados por Celtsener S.L.

- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 394,91 € (trescentos noventa e catro euros con noventa e un céntimos), a favor de Celtsener S.L. (CIF:B-36422905), con cargo á aplicación 9240 2130001 (“Rec. Extr. Cred. Rep. Celtsener S.L.”.)

- Recoñecer a obriga a CELTSENER S.L., polo importe de 394,91 € e correspondente a prestación do servizo de traslado da unidade exterior do sistema de aire acondicionado e calefacción do servizo de atención cidadá 010.

18(777).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROGRAMA DE AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS NA RÚA SEVERINO COBAS. FASE I (RÚA BAGUNDA-TRV. STA. CRISTINA). EXPTE. 1442/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, do 3.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no programa de axudas para o soterramento de liñas eléctricas na rúa Severino Cobas. Fase 1 (rúa Bagunda – Trav. Sta. Cristina).

19(778).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DO ACREDOR ASOCIACION PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5358/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 21.06.2012, conformada polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral do 26.03.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 63.702,30 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2012, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo importe de 63.702,30 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
4414-104	V	04 12	02/04/12	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €
5359/551	V	05 12	02/05/12	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €
5360-551	V	06 12	01/06/12	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 63.702,30 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 "Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso" do orzamento vixente.

20(779).- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN "APR AOD A-04-05 HISPANIDADE". EXPTE. 5054/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.06.2012, conformada polo xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico e da Xerente de Urbanismo, e co ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 29.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a escritura de constitución da Xunta de Compensación da «APR AOD A-4-05 HISPANIDADE», outorgada o 16.01.2012 perante o notario D. José Luís Prieto Fenech, obrante ao número 85 do seu Protocolo, e instar da Xunta de Compensación a práctica da nota marxinal no Rexistro da Propiedade do inicio do procedemento en cada unha das fincas afectadas, segundo o disposto no art. 5 do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo.

- SEGUNDO: Requirir aos propietarios non incorporados consonte o disposto no art. 8.4 dos Estatutos a fin de que, no prazo máximo dun mes dende a notificación do presente acordo, se adhiran á Xunta de Compensación, manifestándoo ante Notario e comunicándollo por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo, con indicación de que de non incorporarse a súa propiedade poderá ser obxecto de expropiación forzosa en favor da Xunta de Compensación.
- TERCEIRO: Instar da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia a inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Xunta de Compensación do «APR AOD A-4-05 HISPANIDADE».
- CUARTO: Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación e aos propietarios de terreos e titulares de dereitos reais no ámbito, con indicación de que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, caberá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da notificación, ou calquera outro que estimen procedente.
- QUINTO: Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda sobre a incidencia da execución do «APR AOD A-4-05 HISPANIDADE» nas infraestruturas.

21(780).- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS “EL/ZV/B-08 EIXO AVD. DE CASTELAO-AVDA. EUROPA”. EXPTE. 11482/411.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Xeral, do 25.06.2012, conformada polo xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico e da Xerente de Urbanismo, e co ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 29.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Plan Especial de Dotacións «EL/ZV/B-08», de iniciativa municipal, consonte a documentación elaborada pola sociedade “FRAGA G. QUIJADA PORTOLÉS E ASOCIADOS, S.L.P” , con data febreiro 2012.
- SEGUNDO: Ordenar a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia, e notificar de forma individual e simultánea aos propietarios dos terreos afectados.
- Durante o mesmo prazo recabaranse das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos.

TERCEIRO: Publicar o acordo de aprobación inicial e apertura do período de información pública na páxina de internet municipal, así como os documentos integrantes do Plan Especial de Dotacións «EL/ZV/B-08», e solicitar informe dos departamentos municipais de Tráfico e Parques e Xardíns no tocante aos servizos da súa competencia.

22(781).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CASTELAO, 23. EXPTE. 66855/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.06.2012, conformada polo concelleiro delegado da área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 464,40 € (catrocentos sesenta e catro con corenta euros) a favor da Comunidade de Propietarios Castelao, 23.

23(782).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, CONCRETADO NUNHA LUDOTECA. APROBACIÓN DE GASTO. EXPTE. 3406/336.

Retirado da orde do día.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

24(783).- ALEGACIONES Ó DOCUMENTO DE “DELIMITACIÓN DE ESPACIOS E USOS PORTUARIOS DO PORTO DE VIGO(DEUP)”. EXPTE. 1017/400.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Xerente de Urbanismo, de data 5.07.2012, co conforme da concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o que segue:

“ANTECEDENTES

I.- A Autoridade Portuaria de Vigo está a tramitar o proxecto de “Delimitación de espacios y usos portuarios del Puerto de Vigo” (DEUP), que someteu a información pública polo prazo de 45 días mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 93, de 16 de maio de 2012.

II.- O Consello da Autoridade Portuaria de Vigo acordou o 11 de maio de 2012 dar audiencia do citado documento ao Concello de Vigo por dez días; o oficio foi recibido no Rexistro Xeral o 14 de maio, e o trámite de audiencia foi evacuado por informe dos técnicos municipais de 25.05.2012, do que tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión ordinaria de 1 de xuño de 2012.

PROPOSTA

Visto o documento do proxecto, e analizando as graves consecuencias que as súas determinacións poden derivar ao conxunto da cidade no tratamento das zonas que van a ser desafectadas, dos usos propostos nalgunhas delas, dos usos propostos nas propias zonas portuarias, e do incompleto tratamento do sistema de comunicacións e accesos e nas contradicións co planeamento municipal, propónse a comparecencia no trámite de información pública, dentro do prazo de 45 días outorgado ao efecto, para formular as seguintes:

“ALEGACIÓNS:

Primeira.- O necesario e obrigado entendemento do Porto coa cidade é recíproco. Tal como se di no propio documento da DEUP, o Porto “está condicionado pola presión continua no borde da cidade o que dificulta calquera proceso de expansión portuaria”; de forma implícita, a propia Autoridade Portuaria describe a realidade de que a cidade non chega ao mar pola existencia das instalacións portuarias e as súas ampliacións.

No marco desta realidade debe coordinarse o tratamento do Porto como sistema xeral recollido no PXOM e a relación coa cidade e zonas municipais limítrofes.

Respecto das zonas a desafectar: das catro zonas, no caso de Areal e Ríos se considera deben cederse ao Concello.

As zonas de futura desafectación en Areal e Ríos -é dicir, os xardíns do Areal, franxa entre Areal e ADIF e o espazo público de Ríos- deben pasar a propiedade municipal para incorporalos ao conxunto dos espazos libres e zonas verdes municipais; non ten sentido desafectar e manter a propiedade.

Ademais parte do espazo desafectado na Baixada a Ríos consta no Inventario Municipal como propiedade do Concello. A posibilidade da súa utilización para fins portuarios é nula, como se recolle no propio documento, polo que resulta incongruente e carente de xustificación propoñer a súa incorporación ao patrimonio do Porto.

En canto a desafección, estímase necesario ampliála incluíndo:

- Na zona de Bouzas, as instalacións dotacionais, educativas ou asistenciais (campo de fútbol do Rápido de Bouzas, pavillón deportivo municipal, centro da terceira idade da Xunta de Galicia) plantexados no documento como usos portuarios de transición coa malla urbana -pese a que non gardan ningunha relación coa actividade portuaria- polo que carece de sentido o seu mantemento na zona de servizo portuaria e o seu tratamento como concesións do Porto. Estes terreos deben cederse ao Concello.
- A Avda. de Beiramar de uso urbano e propiedade do Porto, debe cederse ao Concello como vía urbana, conferíndolle a condición que lle corresponde en atención ao seu destino efectivo, e que sempre garantirá o acceso ás instalacións portuarias, permitindo o seu mellor tratamento e consideración como vía integrada dentro do complexo sistema de comunicacións da cidade. O mesmo sucede cos terreos entre Jacinto Benavente e Beiramar que deben ser desafectados e cedidos ao Concello polo seu uso e servizo á cidade.
- A denominada “zona central lúdico-portuaria” é unha zona de uso público, integrada actualmente no espazo cidadá e non se xustifica o seu mantemento como zona de servizo do porto.

Achéganse planos coa delimitación proposta polo Concello para todo o ámbito da DEUP.

Segunda.- Un documento como a DEUP debe ter en conta as determinacións do PXOM, especialmente, as relacionadas co sistema xeral de comunicacións e accesos ao Porto que afectan ao conxunto da cidade e no tratamento da intermodalidade obrigada na localización de estacións de intercambio.

Non se poden deixar sen recoller propostas de actuación, sen solucións alternativas, cando xa están aprobadas e condicionan o desenvolvemento do municipio. Debe corrixirse o escaso tratamento que teñen na DEUP os accesos principais ao Porto e as conexións entre zonas portuarias, e deben eliminarse os usos que non resolvan os problemas infraestruturais que crean; son novas actuacións que poderán funcionar se resolven os seus accesos, pero que non poden desenvolverse a costa de deteriorar a situación actual de comunicación municipal, como sucede en A Lagoa.

Neste senso, cabe subliñar que na DEUP omítese citar a proposta do PXOM de darlle continuidade ao túnel de Beiramar ata Bouzas para pechar o primeiro cinto litoral.

Tampouco se teñen en conta as propostas do PXOM para potenciar a intermodalidade, tendo en conta o uso de TRANSPORTE DE RÍA e a súa localización respecto das zonas de aparcamento e parada de autobuses. Condicións que parece reunir a zona do Berbés.

Na zona de A Lagoa, consolídanse usos, ao marxe do planeamento, que crearán importantes problemas infraestruturais e que resultan incompatibles coa precariedade de acceso actual, sen que se propoñan solucións.

Tampouco se concreta a mellora de accesos á zona de Rorís-Teis.

Segue sen abordarse o problema dos transportes especiais, polas esixencias de gálibo e trazado, o transporte de grandes pezas por estrada non pode acceder ao Porto polas vías de grande capacidade e seguen utilizando unha ruta urbana (Avda. de Madrid – Pza.España - Gran Vía - rúa Coruña - Orillamar) provocando graves problemas circulatorios na cidade, o deterioro destes viais de servizo urbano, deterioro material e tamén na propia función destes viais no esquema de comunicación das diferentes pezas da malla urbana.

Terceira.- Ante as numerosas contradicións que figuran no documento debe procederse a una corrección das mesmas aos efectos de clarear tanto os criterios da delimitación, parámetros, como os seus obxectivos.

Por exemplo, a DEUP cita a Plataforma Loxística de Salvaterra-As Neves (PLISAN), de 4.021.087 m², dos que 2.301.619 m² están vinculados ao Porto de Vigo, como Porto Seco. Sen embargo, esta superficie non parece estar considerada na asignación de usos que finalmente propónse. Na páx. 17 do documento cítase unha superficie terrestre da zona de servizo de 1.967.531 m² que non se corresponde coa logo citada de 2.097.424 m² noutros puntos do documento cando é un parámetro básico.

Outro exemplo é a definición dunha área de influencia de 26 municipios entre os que non está Vilaboa a pesares de ser un dos afectados pola zona de servizo: esta área de influencia non se corresponde nin co sistema territorial das Directrices do Territorio de Galicia aprobadas por Decreto 19/2011, nin co mapa comarcal aprobado por Decreto 65/97, nin coa delimitación da Área Metropolitana de Vigo da Lei 4/2012 de 12 de abril da Xunta de Galicia.

Outro erro detéctase no tratamento da relación do documento co planeamento territorial e urbanístico. Non se menciona o Plan de Ordenación do Litoral (POL) aprobado por Decreto 20/2011 da Xunta de Galicia. Este instrumento (POL) terá incidencia tanto na ordenación do Porto, como sistema xeral territorial, como das zonas que se propoñen a súa desafectación da

zona de servizo portuario. As súas determinacións deberán terse en conta porque son de gran incidencia en temas como o transporte marítimo de pasaxeiros.

Tamén hai contradicións no tratamento de zonas concretas, como Bouzas, onde se cuestiona o criterio básico do documento de que non precisa de ampliación, e pola contra, recóllese que Bouzas "precisa una concreta y efectiva ampliación de la terminal con el objetivo de su especialización en este tráfico". Do mesmo xeito se xustifica a localización de novo almacén de automóviles en altura, instalación con escaso ou nulo uso na actualidade, cando non se xustifica o seu mantemento.

Polas razóns expostas, á Autoridade Portuaria de Vigo SOLICÍTASE:

Que tendo por presentadas as presentes alegacións en tempo e forma, se estimen as consideracións contidas no corpo das mesmas, e na súa virtude se proceda a corrixir o documento de "Delimitación de espacios y usos portuarios del Puerto de Vigo" (DEUP) sometido a información pública, recollendo as propostas do Concello de Vigo no documento que se aprobe definitivamente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade á proposta que antecede.

25(784).- RECLAMACIÓN DE DEBEDA DE SUBMINISTRO DE AUGA NO CONCELLO DE PORRIÑO. EXPTE. 44/141.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Investimentos, de data 4.07.2012, co conforme do concelleiro delegado da área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

REQUIRIR ao Excmo. Concello de PORRIÑO co obxecto de que,

1º.- Aboe a AQUALIA FCC UTE VIGO, Entidade encargada de cobrar polo Concello de Vigo os custos proporcionais de explotación e mantemento do encoro de Eiras e conducción de auga acordados co Concello de Porriño, a contía de 533.438,37 € xerados por tal concepto dende o 20 de abril de 2009 e pendentes de pago, mais os intereses legais dende que era obrigado o pago de cada unha das facturas bimensuais puntualmente emitidas a tal efecto.

2º.- Aboe a AQUALIA FCC UTE VIGO, Entidade encargada de cobrar polo Concello de Vigo os custos proporcionais de explotación e mantemento do encoro de Eiras e condución de auga acordados co Concello de Porriño, a cantidade de 1.555.694,6 €, xerados por tal concepto ata o 20 de abril de 2009, no plan de pagos a razón de 15.251,90 € mensuais dende xullo do ano 2012 en curso, ata o mes de decembro de 2020, (102 mensualidades), ambos inclusive, en canto último ano de vixencia da concesión actual.

3º.- Aboe a AQUALIA FCC UTE VIGO, Entidade encargada de cobrar polo Concello de Vigo os custos proporcionais de explotación e mantemento do encoro de Eiras e condución de auga acordados co Concello de Porriño, as cantidades que continúe xirando dende a data a medio de facturas bimensuais que recollan tal concepto de pago.

26(785).- MODIFICAR O ACORDO DA XGL SESION 25.05.2012, REFERENTE Ó EXPTE. “SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE REDACCIÓN DE PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DA OBRA CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RUA SEVERINO COBAS. FASE I (RUA BAGUNDA-TRV. STA. CRISTINA”. EXPTE. 2145/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 2.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Modificar o Acordo anterior de data 25 de maio de 2012, en relación co punto 1 da “Solicitud de autorización de redacción de proxecto modificado nº 2 da obra “Construcción de Urbanización da Rúa Severino Cobas. Fase I. (Rúa Bagunda – Travesía Santa Cristina”, pasando a ser como se indica a continuación:

“Autorización para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación de MODIFICADO Nº 2 “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO CBAS. FASE I (RÚA BAGUNDA – TRAVESÍA DE SANTA CRISTINA), CUN IMPORTE Adicional de 94.530,66 Euros que recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra.

27(786).- APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORA AUDIOVISUAL DO AUDITORIO DE TEIS” ELABORADO POLO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5739/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, de data 2.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda:

4. Aprobar o proxecto “Mellora audiovisual do auditorio de Teis”, elaborado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá do Concello de Vigo.

5. Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia a subvención de 7.000,00 € contemplada no citado proxecto, de

acordo co establecido na “ORDE do 30 de maio de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

6. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

7. Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia

28(787).- APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “VIGO LABORANDO II, ELABORADO POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8884/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 21.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto denominado “Vigo Laborandoll”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 5 de xullo de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2012 e 2013.

Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2012 e 2013, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

29(788).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,12 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.